

## NOTIFICACIÓN

A concelleira delegada da Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística, aprobou con data do 28.10.2019, unha Resolución que transcrita literalmente di o seguinte:

“A Concellería de Xuventude organiza o curso “Fabricación dixital con impresión 3D.

O obxectivo da actividade é incentivar á mocidade a interesarse polas novas tecnoloxías, xa que é onde van a estar as maiores oportunidades laborais nos vindeiros anos.

Durante o curso fabricaranse 30 caixas en 3D decoradas con superheroes que posteriormente utilizaranse para disimular a medicación dos/as menores ingresados na unidade infantil do complexo hospitalario universitario de Ferrol, polo tanto a actividade pretende ademais ser unha iniciativa solidaria.

O inicio do curso será o 16 de novembro e o prazo para solicitar será dende o 31 de outubro ata o 8 de novembro.

Debido ao límite de prazas, a selección dos/as participantes farase por rigoroso orde de inscrición.

O curso vai dirixido a rapaces e rapazas empadroados/as no Concello de Ferrol.

Polo exposto, propóñolle a concelleira delegada de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobado a realización do curso “Fabricación dixital con impresión 3D” na Casa da Xuventude (edificio situado na rúa Almendra, núm. 9).

Segundo.- Aprobado o prazo de inscrición dende o 31 de outubro ao 8 de novembro, ambos incluídos.

Terceiro.- Publicar a listaxe de admitidos/as na páxina web do Concello de Ferrol ([www.ferrol.gal](http://www.ferrol.gal) Sede electrónica/Taboleiro de Anuncios).“

Comunicollo a Vde. para o seu coñecemento e efectos, facéndolle saber que a presente resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa (BOE 14.07.1998).

Poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Casa do Concello,

O/A secretario/a xeral